

# As flores malditas

## Tradución Coidada edición do clásico de Baudelaire por Galaxia

Tres son os volumes da colección Clásicos Universais editados ata o de agora por Galaxia que recollen as novas formas de expresión poética: a *Antoloxía do Doce Estilo Novo* (2004), en edición e tradución de Darío Xohán Cabana; a escolma titulada *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (2005), publicada en 1949 por Plácido Castro, Florencio Delgado Gurriarán e Lois Tobío, que inclúe dous poemas de Baudelaire, traducidos por Tobío: "Unha prea" e "Spleen". E a edición bilingüe (francés-galego) d'*As flores do mal*, ofrecida polo poeta e tradutor Gonzalo Navaza da obra do precursor do simbolismo.

Hai agora 151 anos, Charles Baudelaire (1821-1867) lograba publicar nun só volume o compendio titulado *Les Fleurs du Mal*. Mais as autoridades competentes da Francia de Napoleón III (burguesía, exército e igrexa católica) denunciaron e multaron ao autor e ao seu editor, e censuraron seis poemas, culpables de atentar contra a moral pública. 1857 foi tamén o ano en que Flaubert publica-

ría *Madame Bovary*, enfrentándose aos mesmos cargos. Cómpre mergullámonos nese contexto para entender a importancia do poemario para a historia da poesía moderna.

O libro, definido como "atroz" polo tradutor de Poe, "no que puxo todo o seu pensamento, todo o seu corazón, toda a súa relixión e todo o seu odio", presenta as cinco seccións temáticas (*Spleen e Ideal, Estampas parisienses, O viño, Flores do mal, Revolta e A morte*); ademais das *Pezas condenadas*, e un apéndice de trinta e cinco novos poemas compilados para a segunda edición (1861). Non están os *Pequenos poemas en prosa* de *O Spleen de París*, traducidos en 2003 por Xela Arias para Bivir.com, traballo polo cal recibiría o Plácido Castro 2005 a título póstumo.

Ante a coidada edición de Galaxia, semella inútil falar da imposibilidade de traducir textos poéticos. Co ánimo de que a lectura dos poemas careza de atracos paratextuais, o autor da tradución concentra unha serie de notas filolóxicas ao final do volume, que retoma en parte das edicións ca-



Shhh masks. // Xavier Lacot

nónicas de Garnier-Flammarion e La Pléiade (Gallimard); así como do contexto coas diferentes versións de *Les fleurs du mal* cara a outras linguas románicas, e acompañáñas de alusións á recepción da obra no noso sistema literario ao se declarar imitador da sonoridade do verso, que daría lugar, por exemplo, ao modernismo dun Ramón Cabanillas.

Así xustifica a estratexia adoptada como tradutor, "conforme ás modelísticas traducións dos clásicos italianos realizadas por Darío Xohán Cabana", fundamentada no respecto das fórmulas de ritmo, rima e estrofa do

orixinal: "A pretensión de fidelidade aos aspectos rítmicos do poema fai que na tradución se resinta por veces a literalidade. A publicación bilingüe, co texto francés e o texto galego confrontados, exímeme de facer a relación de desvíos, por más que non os desculpe ou xustifique. Eu creo que todos ou a maior parte dos resultados poden sen reparos denominarse traducións, ánda que de vez en cuando algúns versos esvaran cara á imitación ou á paráfrase".

Navaza confesa resolver a dificultade do traslado da rima ou da métrica con maior facilidade nos ver-

sos longos (alexandrinos ou hendecasílabos) ca en metros breves, dadas as características propias da fonética galega. Mais sempre atén-dose ás regras do poeta moderno que soterraría o clasicismo xunto co romanticismo. // Ana Luna



**As flores do mal** ·  
Charles Baudelaire ·  
Galaxia, 2008 ·  
584 páx · 22 euros